



Revisión ou lotes?

Nesta nova entrega intentamos darlle algo de luz a unha das preguntas máis recorrentes no referente ao recorte de pezuños: que é o máis axeitado, o recorte ao secado ou o recorte de todas as vacas adultas cada 6 meses?

Javier Fernández López
Servizo de Podoloxía de Seragro SC



Entendemos como revisión o recorte de pezuños de todas as vacas adultas dunha granxa cada seis meses, e entendemos o recorte por lotes o que se lles fai mensualmente ás vacas no período seco.

O Servizo de Podoloxía de Seragro leva dende o ano 2008 recollendo datos de todos os animais que pasan polos poldros do grupo. Para levar a cabo este estudo escolléronse seis granxas: tres delas fan o recorte periódico cada 6 meses (revisión) e as outras tres fan o recorte mensual no lote de vacas secas (lotes). Destas seis granxas, analizamos os datos recollidos nun período de tempo de dous anos.

No caso destas explotacións, cal das dúas formas de traballar foi a que

acadou mellor resultado en canto á saúde podal? Para descubriro desagregamos a continuación os datos recollidos nas seis granxas.

ANÁLISE DE DATOS DAS SEIS GRANXAS

Granxa 1. Revisión

200 vacas adultas, das que 170 están en muxido e 30 son vacas secas, repartidas en 2 lotes de muxido, 1 lote de secas e 1 lote de xovenas de seis de meses de preñez. Realiza dous muxidos diarios cunha media de 35 l vaca/día (táboa de incidencias, páx. seg.).

Traballos de podoloxía:

- 4 revisións nun período de dous anos
- 47 urxencias
- Suman un total de 1.001 vacas revisadas, das cales 234 teñen algún tipo de patoloxía.



Camas de goma con serraduras e carbonato



Corredores estreitos

Granxa 2. Revisión

210 vacas adultas, das cales 185 están en muxido e 25 son vacas secas. Repártense en 3 lotes de muxido e 1 lote de secas. Realiza 3 muxidos diarios cunha media de 45 l vaca/día (táboa de incidencias, páx. seg.).

Traballos de podoloxía:

- 4 revisións nun período de dous anos
- 50 urxencias
- Suman un total de 1.072 vacas revisadas, das que 187 teñen algún tipo de patoloxía.

**PUNTOS CRÍTICOS**

- **Chanzos de acceso á sala de espera:** problemas estruturais no acceso á sala de muxido que poden causar lesións e estrés nos animais
- **Terceiro muxido:** máis traxectos á sala de muxido

Granxa 3. Revisión

229 vacas adultas, das cales 199 están en muxido e 30 son vacas secas. Repártense en 2 lotes de muxido, 1 lote de parto e 1 lote de secas. Realiza 2 muxidos diarios cunha media de 38 l vaca/día.

Traballos de podoloxía:

- 4 revisións nun período de dous anos
- 56 urxencias
- Suman un total de 1.290 vacas revisadas, das que 377 teñen algún tipo de patoloxía.

**PUNTOS CRÍTICOS**

- **Sobrecarga de animais:** detectouse unha densidade excesiva que pode comprometer o benestar animal e reducir a eficiencia produtiva



- **Deficiencias nos pediluvios:** mantemento inadecuado dos sistemas de desinfección podal, o que aumenta o risco de patoloxías

Conclusión

A corrección destes puntos críticos é fundamental para mellorar a saúde global do rabaño

Granxa 1. Lotes

220 vacas adultas, das cales 184 están en muxido e 36 son vacas secas. Repártense en 2 lotes de muxido e 2 lotes de secas. Dispón de 3 robots de muxido onde realizan 2,9 muxidos diarios cunha media de 41 l vaca/día (táboa de incidencias, páx. seg.). ►►

Granxa 1. Revisión

Total de incidencias	Cantidade	Porcentaxe total
Liña branca	110	32,93
Úlcera	52	15,57
Sola fina	43	12,87
Hemo loc.	33	9,88
Dermatite	33	9,88
Necrose	23	6,89
Cox. alta	17	5,09
Flegmón interdixital	7	2,10
Lesión	7	1,80
Dobre sola	6	1,20
Hiperplaxia interdixital	4	0,60
Dermatite dixital	2	0,30
Hemo dif. S.	1	0,30
Deformación	1	0,30
F. horizontal	1	0,30

Granxa 2. Revisión

Total de incidencias	Cantidade	Porcentaxe total
Úlcera	58	24,89
Liña branca	56	24,03
Sola fina	39	16,74
Hemo loc.	34	14,59
Hemo dif. S.	12	5,15
Dermatite	8	3,43
Flegmón interdixital	6	2,58
Cox. alta	5	2,15
Dobre sola	5	2,15
Lesión	3	1,29
F. axial	3	1,29
Deformación	2	0,86
F. talón	1	0,43
Erosión talón	1	0,43

Granxa 3. Revisión

Total de incidencias	Cantidade	Porcentaxe total
Dermatite	199	43,54
Liña branca	77	16,85
Sola fina	46	10,07
Úlcera	42	9,19
Hemo loc.	39	8,53
Necrose	14	3,06
Flegmón interdixital	13	2,84
Lesión	9	1,97
Cox. alta	6	1,31
Hemo dif. S.	5	1,09
Tirabuzón	5	1,09
HLB	1	0,22
Dobre sola	1	0,22

Traballos de podoloxía:

- 22 lotes nun período de dous anos
- 54 urxencias
- Suman un total de 619 vacas revisadas, das que 328 teñen algún tipo de patoloxía.

Granxa 2. Lotes

240 vacas adultas, das cales 210 están en muxido e 30 son vacas secas. Repártense en 3 lotes de muxido, 1 lote de secas e recría externa. Realiza 2 muxidos diarios cunha media de 22 l vaca/día.

Traballos de podoloxía:

- 21 lotes nun período de dous anos.
- Suman un total de 538 vacas revisadas das que 293 teñen algún tipo de patoloxía.



PUNTOS CRÍTICOS

- **Accesos aos pastos:** camiños con excesivas pedras que dificultan o tránsito das vacas e poden causar lesións podais
- **Cama con pouco material:** insuficiente cantidade de palla nas camas, o que reduce o confort dos animais

Granxa 3. Lotes

349 vacas adultas, das que 295 están en muxido e 54 son vacas secas. Repártense en 3 lotes de muxido, 1 lote de secas e 1 lote preparto. Realiza 2 muxidos diarios cunha media de 38 l vaca/día (táboa de incidencias, páx. seg.).

Traballos de podoloxía:

- 23 lotes nun período de dous anos (secas e coxas)
- 27 urxencias
- Suman un total de 978 vacas revisadas das cales 215 teñen algún tipo de patoloxía.



PUNTOS CRÍTICOS

- **Poucos metros de cama por vaca**
- **Zonas secas:** patios en moi mal estado



PUNTOS CRÍTICOS

- **Deficiencias nos pediluvios:** mantemento inadecuado dos baños podais, o que afecta á hixiene e á saúde das patas
- **Vacas con moito desapromo:** a falta de recorte regular provoca deformacións nos cascos e problemas de locomoción

Granxa 1. Lotes

Total de incidencias	Cantidade	Porcentaxe total
Dermatite	182	48,79
Liña branca	60	16,09
Sola fina	32	8,58
Úlcera	19	5,09
Flegmón interdixital	18	4,83
Hemo loc.	14	3,75
Necrose	13	3,49
Cox. alta	12	3,22
Lesión	9	2,41
Dobre sola	4	1,07
Absceso	2	0,54
Hemo dif. S.	2	0,54
Hiperplaxia interdixital	2	0,54
Tirabuzón	2	0,54
Desgaste	1	0,27
Limax	1	0,27

Granxa 2. Lotes

Total de incidencias	Cantidade	Porcentaxe total
Necrose	100	25,64
Liña branca	80	20,51
Úlcera	55	14,10
Dermatite	42	10,77
Hemo loc.	29	7,44
Hemo dif. S.	42	5,13
Deformación	19	4,87
Sola fina	13	3,33
Cox. alta	13	3,33
Lesión	6	1,54
Flegmón interdixital	4	1,03
Dobre sola	3	0,77
Absceso	2	0,51
Laminite	2	0,51
Tirabuzón	1	0,26
F. axial	1	0,26

► A EXPERIENCIA DO SERVIZO DE PODOLOXÍA DE SERAGRO DE MÁIS DE DÚAS DÉCADAS POÑENDO EN PRÁCTICA RECORTE PREVENTIVO CONCLÚE QUE, CON REVISIÓNS SEMESTRAIS, TEMOS A SAÚDE PODAL DAS VACAS MÁIS CONTROLADA E AS PATOLOXÍAS SON MÁIS LEVES



Granxa 3. Lotes

Total de incidencias	Cantidade	Porcentaxe total
Liña branca	99	42,13
Úlcera	36	15,32
Necrose	24	10,21
Cox. alta	22	9,36
Hemo loc.	9	3,83
Lesión	9	3,83
Dermatite	7	2,98
Flegmón interdixital	7	2,98
F. axial	6	2,55
Hemo dif. S.	5	2,13
Deformación	5	2,13
Sola fina	3	1,28
Dobre sola	1	0,43
Hiperplaxia interdixital	1	0,43
F. talón	1	0,43

As tres granxas de revisións suman un total de 639 vacas, ás cales se lles fixeron 4 revisións distribuídas en dous anos (cada seis meses) e, a maiores, asistíronse 153 urxencias. Isto achega como resultado un total de 3.163 entradas ao poldro (4 revisións + 153 urxencias). Destas, 848 tiñan algún tipo de patoloxía, leve ou severa. O grupo de revisión, en dous anos, rexistrou un 26,80 % de patoloxías.

As tres granxas de lotes suman un total de 809 vacas, ás que lles practicou o recorte de pezuños en 66 lotes no secado e, a maiores, asistíronse 81 urxencias, todo no mesmo período de tempo de dous anos. Isto ofrece como resultado un total de 2.135 entradas ao poldro (66 lotes + 81 urxencias), das cales 838 tiñan algún tipo de patoloxía, leve ou severa. O grupo de lotes, en dous anos, rexistrou un 39,25 % de patoloxías.

CONCLUSIÓNS

Unha vez revisados os datos, estes arrojan que as granxas que levaron a cabo revisión de recorte funcional cada seis meses (26,80 % de patoloxías) tiveron un 12,45 % menos de patoloxías que as granxas que fan o recorte por lotes de vacas secas (39,25 % de patoloxías).

Os datos deste estudo demostran que o sistema de revisións reduce nun 12,45 % as incidencias de patoloxías, ao tempo que diminúe os custos do tratamento nun 17,04 % por animal.

Outro dato que cabe salientar do estudo é o seguinte: nas granxas que traballan recortando por lotes hai vacas con máis de 300 días en leite que ao longo de todo un ano non pasan polo poldro para levar a cabo o recorte funcional de pezuños. No entanto, nas granxas que realizan a revisión cada seis meses, iso non pasa. Prácticamente o recorte preventivo a todas as vacas adultas.

É o sistema de revisión o único que funciona? **Non.** O sistema de lotes podería funcionar sempre a cando:

- a frecuencia do recorte se faga no secado máis entre 120-150 días en leite para que así se faga un recorte dúas veces ao ano,
- o gandeiro teña un sistema de rexistro das vacas que pasen polo poldro para poder saber que animais debe separar no seguinte lote,
- se adecúen as instalacións para causar o menos estrés posible nos animais e non entorpecer o funcionamento diario da granxa.

En resumo, o sistema elixido debe perseguir unha boa saúde podal que requira o consumo do menor número de recursos, é dicir, un menor número de visitas á granxa para ocupar o menor tempo posible do persoal da granxa e das instalacións para causar o menor estrés nos animais.

O sistema de revisión é o que menos recursos consome, xa que se vai dúas veces ao ano para recortar todos os animais adultos, mentres que, no caso dos lotes, necesita ir todos os meses ou mesmo cada quince días.

Deixando os datos a un lado, a experiencia do Servizo de Podoloxía de Seragro de máis de dúas décadas poñendo en práctica recorte preventivo conclúe que, con revisións semestrais, temos a saúde podal das vacas máis controlada e as patoloxías son máis leves. Pola contra, nas granxas onde se recorta por lotes é frecuente atopar vacas con 300 días en leite que non pasaron polo poldro en 12 meses, polo que o recorte que hai que realizar é moito máis agresivo e as vacas o senten moito máis. Daquela, as coxeiras tamén serán máis severas e a cronificación de lesións irá en aumento. ■